

A estirpe dos Chao no Rexurdimento¹

Por Xurxo Martínez González

RESUMO

A estirpe dos Chao é fundamental para a historia local de Vigo. Destacou, sobre todo, Eduardo Chao grazas ás iniciativas a prol do desenvolvemento material e intelectual da cidade. Pero o conxunto dos Chao tiveron unha relación intensa e relevante para o Rexurdimento que tratamos de explicar neste presente artigo.

INTRODUCION

Nos estudos socioculturais galegos téndese a facer máis *historia da literatura* que *historia literaria*. A distinción está, segundo a vella pero operativa proposta de Desiré Nisard, en que a primeira se refire ao inventario ou escolma de textos a partir dun criterio (estético, temático, cronolóxico...); e a segunda refírese ao estudo de todo o que arrodea as prácticas literarias (editorial, imprenta, distribución, subscripción...) dentro dun contexto histórico concreto que afecta tanto ao individuo como á comunidade.

1. A orixe deste artigo está en dúas conferencias ofrecidas na Escola de Artes e Oficios (“A estirpe dos Chao e a cultura viguesa”, organizada polo colectivo Pertenza o 21 de febreiro; “Orixes da prensa viguesa: o caso de *La Oliva* e a estirpe Chao”, organizada polo Instituto de Estudos Vigueses o 22 de marzo) e nas peticións realizadas por varias persoas para que levase ao papel o que alí dixeran de palabra.

Esta é unha das advertencias repetidas por parte de determinada investigación académica que ten en Xoán González-Millán un referente². Por iso, cómpre que nos estudos socioculturais galegos saibamos incorporar outras análises que superen o estrito texto ou tendencia artística. É dicir, superar o textualismo máis ortodoxo para incluír datos que axuden a comprender, valorar e avaliar as prácticas literarias.

Nós somos partidarios da *historia literaria*. Con este enfoque encaixa a presente colaboración porque na *historia da literatura* a estirpe dos Chao non aparece practicamente nunca. Mais, como agardo explicar, miráremos que tiveron unha notable participación no Rexurdimento.

Outra cuestión, non menor, é fixar o concepto de Rexurdimento co que traballamos. O público xeral enténdeo como un despertar literario e lingüístico acontecido no século XIX grazas á destreza lírica de poetas como Rosalía, Curros e Pondal. Un concepto reduccionista do cal fuximos e, en consecuencia, faise necesaria unha explicación.

O Rexurdimento foi un movemento cívico-político liderado por unha reducida elite da *intelligentsia* do país que se nutriu de tres grandes fenómenos decimonónicos: liberalismo, nacionalismo, romanticismo. Todos concordaban na elaboración dun relato identitario dende postulados provincialistas e, maioritariamente, progresistas. Un relato alternativo ao oficial (contrahexamónico) onde o pobo galego é o protagonista no canto de ser un capítulo engadido a unha historia xeral de España. Como exemplo están os traballos historiográficos, moitos dependentes das correntes románticas, que asinan autores como José Vereá Aguiar, Leopoldo Martínez Padín, Benito Vicetto ou Manuel Murguía.

Este proxecto patriótico e progresista levouse adiante nun contexto marcado polos sucesos endóxenos (desaparición do Reino de Galiza, graves crises de fame, atraso estrutural endémico, emigración, forte arraigo liberal, caciquismo...) e esóxenos (propagación das ideas ilustradas, impacto do romanticismo, ascenso da estética burguesa e da burguesía como clase social dirixente, influencia do pouso da Revolución francesa, nacemento de novos estados, *Risorgimento* e *Renaixença*...) ³.

En canto aos contidos, apenas destacar os seguintes: relectura do pasado dende uns lentes propios que fosen capaces de ofrecer unha inter-

2. Unha obra imprescindible de Xoán González-Millán: *Resistencia cultural e diferenza histórica* (Sotelo Blanco Edicións, 2000). Para unha panorámica sobre os estudos socioculturais galegos e as súas metodoloxías, *vid.* Lourido, Isaac (2015): *História literária e conflito cultural*. Laivento: Compostela.

3. Para máis información da relación destes dous movementos, *vid.* Martínez González, X. (2015): "Renaixença e Rexurdimento. Unha proposta comparativa", *Anuari Verdaguer*, núm. 23. Societat Verdaguer: Vic.

pretación en positivo fronte aos prexuízos creados arredor da nación galega (do estigma á estima) e, ademais, restituír a memoria silenciada coa intención tanto de prestixiar a identidade (lingua, paisaxe, arte, folclore etc.) como de enxalzar as súas capacidades (intelectuais, militares, científicas, culturais etc.) e configurar o repertorio do imaxinario nacional colectivo a partir de operacións subxectivas de inclusión e exclusión (*nation building*). Polo tanto, asumir como suxeito histórico central o pobo galego co que isto puidese supor de impugnación ao relato hexemónico asumido por foráneos e polos propios receptores-interesados da proposta rexurdimentista.

Non nos estenderemos na periodización (asunto que hoxe está a debate)⁴ nin na identificación dos seus protagonistas nin na descrición pormenorizada das súas ambicións colectivas. Mais cómpre ter presente que para nós o Rexurdimento é global e que ten expresións no plano literario, pictórico, xornalístico, político, científico, musical ou tecnolóxico. En definitiva, nós entendemos o Rexurdimento como un concepto poliédrico lonxe do acoutamento literario.

Deseguido expoñeremos con detalle a contribución dos Chao ao Rexurdimento⁵. Como preludio, o lector ou lectora atenda aos seguintes feitos: na publicación do primeiro poemario rosaliano, *La flor* (1857), aparece o salón da casa de Eduardo Chao como un dos espazos onde Rosalía recita e recibe o impulso para levar a este libro os seus versos; os *Cantares gallegos* (1863), libro epifánico do Rexurdimento, imprimiuno Juan Compañel (cuñado dos Chao), en Vigo; as *Follas novas* (1880) editouno La Propaganda Literaria, propiedade de Alejandro Chao; Eduardo Pondal publica os seus primeiros poemas en *La Oliva* (1856-57), xornal da propiedade dos Chao; Manuel Murguía contará de maneira continuada co apoio e colaboración dos Chao en diferentes empresas (*La Oliva, Diccionario de escritores gallegos, La Ilustración Gallega y Asturiana...*); e, por último, Manuel Curros Enríquez, publicou a segunda edición de *Aires da miña terra* (1881), na citada editorial La Propaganda Literaria (por medio do xornal *La Ilustración Gallega y Asturiana*), que Alejandro Chao rexentaba na Habana, ademais de escribir *Eduardo Chao. Estudio biográfico-político* (1893).

4. Vid. Angueira, Anxo (2013): *Das copras de Sarmiento ós Cantares de Rosalía de Castro*. Frank&Timme: Berlín; ou Pena, Xosé Ramón (2015): *Historia da literatura galega II*. Edicións Xerais: Vigo.

5. Teño que agradecer a Xosé Luís Chao, veciño de Ribadavia e descendente desta estirpe, a información dada e toda a documentación que me emprestou no seu día como xesto de xenerosidade e confianza.

Acaso non son estes datos suficientes para termos en conta a estirpe Chao dentro do Rexurdimento? Porén, cantas persoas coñecen esta participación, a actividade político-cultural dos seus círculos de acción ou as iniciativas levadas adiante a prol desta a nosa terra?

Na medida en que poidamos, e restrinxíndonos aos lóxicos límites de extensión para un artigo deste tipo, trataremos de ofrecer información para que o lector ou lectora saiba algo máis do clan Chao.

JOSE MARIA CHAO, O PATRIARCA

Na memoria popular o nome de José María Chao únese a un feito violento. Tense escrito e literaturizado (sobre todo por Ramón Otero Pedrayo: *Os camiños da vida* ou *O señorito da Reboraina*) este suceso acontecido en 1829. Nada se puido demostrar aínda que a sona perdurou deica os nosos días. Incluso se afirma que un morteiro conservado na sala de consultas da Fundación Penzol foi o usado para elaborar o artefacto ou o sinalado no xuízo como proba contra Chao.

Os feitos son os seguintes: no período da Década Ominosa (1823-33) o entón capitán xeneral de Galiza, Nazario Eguía, se aplicara con dureza e sadismo contra os liberais do Trienio (1820-23). Tiña numerosos inimigos nas fileiras do liberalismo galego que xuraran vinganza.

Unha das vítimas da represión absolutista foi José María Chao, antigo combatente do Batallón Literario e dirixente liberal en Ribadavia, Compostela e Vigo. O seu nome está presente na revolución de 1820. Tras a chegada do absolutismo, Chao foi preso dous anos e catro confinado no convento de Herbón.

Contra 1829 José María Chao sae ceibo. Fixa a súa residencia en Vigo, onde mantiña unha botica dende 1823, situada na esquina entre a Praza da Constitución e a rúa Sombreiraireiros. Un espazo que se convertería nun lugar de sociabilidade privada pois ao parladoiro de rebotica asistían os conspícuos liberais como José Ramón Fernández, Juan Ramón Nogueira e outros.

Contra o final dese mesmo ano acontecía o atentado contra Nazario Eguía. Así o describiu unha crónica xornalística da época (*Gaceta de Bayona*, 18-XII-1829), nun texto apenas coñecido que agora reproducimos no anaco que nos atinxe:

El 29 de octubre recibió por el correo el capitán general del Reino de Galicia. D. Nazario Eguía, un pliego abultado como de

ocho onzas de peso, con sello de la estafeta de León. Quitada la primera cubierta sin novedad, se vió una segunda que decía: *muy reservada*. Tomola S. E. en las manos, y puesta en las rodillas por bajo de la mesa, conforme estaba sentado, rasgó con alguna fuerza la oblea que venía muy apretada; y a esta sacudimiento o concusión se inflamaron los ingredientes y mistos que contenía, ocasionando una explosión como de un trabucazo que le llevó los dedos al general, hizo volar en astillas la mesa hasta el techo y le hirió muy gravemente en un muslo y varias otras partes de su cuerpo.

“Cen coellos non fan un cabalo, cen presuncións non constitúen unha proba”, di o proverbio inglés. Porén aquel suceso, coa súa sospeita sobre o químico e boticario, transmitiuse ao longo do tempo. Polo tanto, para o punto que nos interesa, José María Chao era popularmente coñecido como un liberal exaltado. Unha postura política (que axiña evolucionará cara ao republicanismo progresista) que herdarán os seus fillos Eduardo e Alejandro.

José María Chao participa en Vigo no levantamento de 1840. Un feito revolucionario no cal xa aparece o nome do seu fillo Eduardo como mozo miliciano. Tamén nesta altura volve José María Chao a ser obxecto da rumoroloxía a partir dun intento de asasinato que padeceu en Lalín, onde fora comisionado pola xunta revolucionaria de Vigo para atallar as partidas carlistas. O resultado daquel asalto foi a morte dun dos atacantes, a quen as voces conservadoras consideraron vítima por arma de fogo de José María. Tampouco se chegou a demostrar nada.

Neste primeiro ano de Goberno esparterista, José María Chao trasladouse a Compostela por petición da súa xunta gobernativa para traballar como boticario interino do Grande Hospital⁶. Alí xa gozaba de recoñecemento por parte da elite social xa que en 1834 foi nomeado socio de mérito da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela. Ademais acadou o título de Catedrático de Farmacia na mesma cidade onde estudara e tratara a Julián Suárez Freire, destacado liberal de primeira hora que mantiña un parladoiro de botica coñecido como a

6. En Compostela tamén se encontraba outro coñecido boticario: Juan Martínez, o pai de Manuel Murguía, que traxera relación con José María Chao e adianta, así, a futura relación de Murguía cos outros Chao. En todo caso subliñemos que Juan Martínez era un carlista moderado (e non un liberal de ideas comúns a Chao, segundo afirmou Durán), como demostrou o profesor Bañeira Fernández na súa voluminosa biografía *Murguía*.

“esquina do combate”, situada na Praza de Feijoo que os picheiros coñecen como “Praza da Borriquita”, polo équido que se atopa no relevo do mosteiro de San Paio de Antealtares⁷.

Axiña participa na vida sociopolítica. Por exemplo, aparece como un dos promotores e fundadores da Sociedad Patriótica Compostelana, constituída o 21 de Nadal de 1840. Foi elixido presidente desta asociación que se reunía no refectorio de San Martiño Pinario. Porén, o Goberno Civil temeu que a actividade da sociedade imitase (como se pretendía expresar polo seu propio nome) ás “sociedades patrióticas” que desenvolveron unha actividade revolucionaria durante o Trienio Constitucional. O Goberno Civil considerou que na nova agrupación “se habla de toda clase de materia, pero como en tertulia particular, y de allí muchas veces salen las ideas de administración y gobierno que se ven estampadas en los papeles públicos”⁸.

As autoridades *ayacuchas* decidiron clausurala. Con esta situación, a Academia Literaria (verdadeiro cenáculo do provincialismo progresista de Compostela que protagonizaría o levantamento de 1846) converteuse no principal espazo social, político e cultural da cidade levítica. E xustamente a Academia Literaria reuníase no mesmo lugar que a sociedade presidida por José María Chao e ocupará un espazo sociopolítico semellante. José Antonio Durán (2000: 17) considera que Iriarte (capitán xeneral de Galiza) e o propio Chao deron “apoyo explícito” á Academia.

Esta faceta de activista sociocultural de José María Chao volvería aparecer na fundación do Círculo Recreativo de Vigo, xa en 1847. Neste ano o boticario residía de novo na cidade atlántica. Entre os iniciadores da que foi a primeira asociación sociocultural de Vigo (segundo sabemos hoxe) están íntimos amigos seus como Ramón Buch ou Juan Ramón Nogueira, e familiares, como José Ramón Fernández Domínguez (casado con Concepción Chao).

Varios anos despois (1856) os nomes dos progresistas vigueses volvían xuntarse para constituír o Recreo Artístico e Industrial de Vigo, no cal están os seus fillos Eduardo e Alejandro Chao; os seus xenros José Ramón Fernández, Juan Compañel e Ángel Martínez Forlany; e os vellos colegas como Manuel Borrajo ou Ramón Buch.

7. O Colexio de Farmacia de Compostela constituíu un lugar de conspiración liberal. Para o estudo destes aspectos de relacións sociais consideramos rendibles a aplicación das teorías da sociabilidade (de Maurice Agulhon), da prosopografía (de Lawrence Stone) ou a análise de redes sociais (coa que traballa o grupo Galabra da USC).

8. Fondo Xeral, Instrucción pública (1813-1896) A. M. 2 026. Arquivo Histórico Universitario da USC.

Con estes datos demostramos a participación de José María Chao na esfera pública (primeiro en Compostela, logo en Vigo) así como a súa permanente actividade social, política e cultural no *binterland* vigués. Isto resulta un elemento de interese na análise que se faga no futuro sobre a composición da esfera pública burguesa, e sobre quen a compoñen, como proba da consolidación da modernidade impulsada polos sectores liberais e progresistas nunha cidade vista sempre con atraso a nivel cultural e intelectual con respecto a outras localidades galegas.

José María Chao desenvolvería unha inxente actuación pública tanto no profesional como no político. Sen o propósito de sermos exhaustivos, tomemos nota do seguinte: foi mestre (Catedrático de Química e Historia Natural) da Escola Naval de Vigo fundada en 1850, dirixiu o botiquín do lazareto de San Simón, tivo unha destacada intervención cando o andazo do cólera (que deu pé á publicación do seu tratado *Específico contra el cólera*); foi concelleiro municipal, membro da Milicia Nacional, conspirador na revolución de 1854...

Con estes parágrafos cremos situar José María Chao como unha raizame decisiva e influente no futuro da súa estirpe. É dicir, que sen coñecer algúns datos biográficos do boticario sería difícil entender a actitude e conduta na *res publica* dos seus fillos Eduardo e Alejandro, sobre os cales falaremos a continuación. Mais, por extensión, obsérvase nos feitos que relatamos a proximidade do boticario aos colectivos rexurdimentistas e, en particular, a algúns dos seus protagonistas.

EDUARDO CHAO, O ENCICLOPEDISTA REPUBLICANO

A vida de Eduardo Chao foi intensa. Basta ler as páxinas escritas por Manuel Curros Enríquez no seu libro apoloxético *Eduardo Chao. Estudio biográfico-político* (1893) ou reparar que no día do seu enterro estiveron na cabeceira tres presidentes da Primeira República: Pi i Margall, Nicolás Salmerón e Emilio Castelar. A súa participación en tantos proxectos, case sempre obtendo un lugar coprotagonista, impiden que tracemos un detallado perfil nestas breves páxinas. Por ende, aludiremos aos episodios ligados ao Rexurdimento.

O primoxénito de José María naceu en Ribadavia⁹ aínda que se críe, eduque e resida en Vigo. Estudou nas universidades compostelá e madri-

9. O 28 de marzo de 2018 o Pleno do Concello de Ribadavia acordou nomealo fillo predilecto por unanimidade. Dende o 10 de xaneiro de 1930 é fillo adoptivo de Vigo.

leña a disciplina de Ciencias Naturais. Neste eido destacou deica o punto de chegar a ser o presidente do Colexio de Farmacia de Madrid ou publicar títulos como o *Curso elemental de mineralogía médica* (1844) ou varios tomos de *Los tres reinos de la naturaleza* (1852-1854).

Simultaneamente, e marcado pola presenza do seu pai, Eduardo comprometerase coas ideas progresistas participando no levantamento de 1840 como miliciano. Froito daquela loita foi a publicación *Razones de España para la revolución de septiembre*, a súa primeira achega publicista en formato de folleto.

Dende aquela, Eduardo Chao ascendeu como un dirixente político de preclaro compromiso progresista e republicano. Lémbrese, por acaso, o xuízo contra Antonio Seijas Prado e el mesmo en 1844, que tivo como avogado a José Ordax Avecilla (pioneiro no territorio español do socialismo utópico), cando foron acusados de conspiración. Aquel proceso tivo unha repercusión mediática que lle deu moita sona alén de seren absolutos.

En 1849 participa na fundación do Partido Demócrata (escisión “pola esquerda” do Partido Progresista impulsada polos feitos da revolución social de 1848), do cal será dirixente e referente indiscutible para os galegos de ideas máis avanzadas¹⁰. Por aquel tempo xa fixara a residencia na capital española.

Durante a Vicalvarada, na cal participa de maneira destacada, ocupará varios postos nas xuntas revolucionarias (por exemplo, oficial no Ministerio de Gobernación), será deputado nas Cortes e participa na redacción da chamada Constitución non-nata pois xa entón a reacción tomara de novo o poder tras unha entente entre a raíña Isabel II, O’Donell e Narváez.

Pola súa residencia durante este período pasarían distinguidas personalidades españolas, catalás e galegas de metade do XIX. En todo caso, a nós interésanos saber que alí compartiron parladoiro nomes como Alejandro Chao, Manuel Murguía, Juan Compañel ou Joaquín Avendaño e os seus fillos (Teodomiro e Serafín). Mais tamén Rosalía de Castro, como lembra Augusto González Besada pois cando ela chega a Madrid “traba conocimiento y cultiva la amistad de Eduardo Chao, Eulogio Florentino Sanz y Ventura Ruiz de Aguilera” (1916: 37). Tamén Juan Naya (1998: 45), depositario da memoria dos Murguía de Castro tras a morte da última filla Gala, indicaba que Eduardo Chao asistía aos parladoiros da familia García Lugin na rúa da Ballesta (onde residía Rosalía en Madrid).

10. Vid. Eiras Roel, Antonio (2015): *El Partido Demócrata Español (1849-1873)*. Ediciones 19: Madrid.

Esta relación tan inminente e próxima tamén se debe considerar á luz das ligazóns familiares, pois os Chao e Rosalía eran parentes pola rama dos Hermida¹¹. Unha relación familiar reforzada cando Rosalía e Murguía escollan a Alejandro Chao como padriño da súa primeira filla: Alejandra (nome en honra deste).

González Besada tamén dixo que *La flor*, o primeiro libro rosaliano, foi dado por Eduardo ao polígrafo nacionalista: “Chao le llevó un ejemplar a Murguía, que publicó en *La Iberia* un artículo muy laudatorio y lo presentó a Rosalía”. Esta última afirmación usouse para afimar que o mesmo Eduardo Chao fixera de casamenteiro, extremo nunca demostrado porque todo nos fai pensar que Rosalía e Murguía xa se coñecían dos tempos estudantís en Compostela e das actividades arredor d’*El Liceo de la Juventud*.

Verbo de *La flor* compartimos a seguinte sospeita do investigador Díaz Lage (2014: 452-453):

Tomando en conta as circunstancias de Castro no momento de chegar a Madrid, as preguntas máis difíciles de resolver son as relativas á historia da edición, que debeu custear, sen vontade de facer negocio, algunha persoa próxima a Castro ou á súa familia: se cadra, o máis probábel é que fose Eduardo Chao, xa moi ben situado daquela na vida literaria, na política e na francsmasonería de Madrid, quen buscase impresor e/ou editor e conseguise os cartos para financiar o libro.

Por último, quen fora ministro do *turnismo*, engade: “En aquel tiempo, Chao, conecedor de la precaria situación del matrimonio, procúrales con delicadeza algún auxilio, haciendo editar en Vigo *La hija de mar*” (González Besada, 1916: 42). É dicir, que de novo Chao estaría tras a primeira novela de Rosalía de Castro, editada precisamente por Juan Compañel, cuñado de Eduardo.

Ten o seu interese, como proba da forte relación entre os Chao e Murguía, que Juan Martínez enviase unha carta a Eduardo Chao, canda o aval de José María Chao, para que o deputado republicano tivese en conta ao novo estudante de Farmacia en Madrid (Durán, 2000: 33). Manuel Mur-

11. Manuel Ignacio Chao Hermida (pai de José María Chao e avó de Eduardo) era fillo de Benita Hermida, póla dos Hermida de Padrón, con que están emparentadas as Castro (Teresa Castro, nai de Rosalía). E xustamente é na casa dos Hermida onde reside Rosalía de Castro durante estes anos matritenses.

guía participa dos parladoiros da casa de Eduardo Chao ou no do Café El Levante, onde acoden entre outros Alejandro Chao ou os Avendaño.

A man de Eduardo Chao aparece como soporte ou como carta de recomendación para distintos traballos de Murguía. Un, por exemplo, cando lle propón colaborar no *Diccionario democrático español* (Axeitos e Barreiro Fernandez, 2003: 111). Dous, cando o recomenda como correspondente de *La Crónica* (colabora entre 1860 e 1861), xornal publicado en Nova York, como anota Barreiro Fernández (2012: 230): “foi Eduardo Chao [...] quen lle suxeriu [a Manuel Peña, propietario do periódico] o seu nome”. Sobre *La Oliva* falaremos despois.

Por outra banda, é importante sinalar que a actividade política e socio-cultural de Eduardo Chao era seguida ou coñecida por varios rexurdimentistas residentes en Madrid (Rosalía, Murguía, os Avendaño, Compañel) e en Galiza (Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal, os Rodríguez Seoane). Polo tanto, no período de conformación político-ideolóxica de varios destes mozos hai unha referencia que se sitúa nas coordenadas do republicanismo federal-progresista e adepto ás teses provincialistas¹². E ademais, a prensa publicada por esta opción política ou simpatizante das súas ideas era a lida pola maioría deles cando non follas onde enviar colaboracións escritas.

Nada dicimos agora da relación de Eduardo Chao con Vigo, pois esta sería materia doutro artigo. En todo caso lembrar algo pouco difundido: el estivo detrás da iniciativa e fundación da Escola de Artes e Oficios, como redactor dos seus estatutos, como doante de inmobiliario mercado en París, como presidente de La Cooperativa e como presidente de honra da propia escola. En definitiva, este espazo de educación popular xurdía do pensamento krausista e da Institución Libre de Ensinanza no cal Eduardo Chao ten moito que dicir: formou parte do primeiro círculo krausista de Giner de los Ríos, foi socio fundador da citada ILE e impulsor da krausista Lei de instrución pública en 1873, cando a súa etapa de ministro¹³.

Tras a morte de Eduardo Chao, Manuel Murguía escribirá un artigo para reclamar a prometida estatua que honrase a memoria do republicano. Nese artigo, Murguía defíneo como “mi buen amigo”¹⁴. Sen dúbida,

12. Algún día alguén debera investigar polo miúdo a presenza, influencia e actividade do Partido Demócrata en Galiza pois militantes desta opción foron Eduardo Ruiz Pons (familiar de Rosalía, deputado republicano, amigo de Garibaldi e morto no exilio portugués), Leonardo Sánchez Deus (a quen Murguía inclúe no seu libro *Los precursores*, e que formou parte das milicias de Garibaldi durante a guerra) ou Xoán Manuel Pereira, o “señorito da Reboraina”.

13. Algúns datos da relación de Eduardo Chao coa Escola de Artes e Oficios de Vigo pódense ler nun artigo noso publicado en *Faro de Vigo* o día 15 de marzo de 2018.

14. “La estatua de Chao”, en *La Patria Gallega*, núm. 12 (15-XI-1891).

porque en determinados intervalos ao longo da súa vida e traxectoria tivo influencia sobre el e contou coa súa axuda cando for preciso. Así lle escribía Eduardo, en carta asinada en Vigo o 24 de xullo de 1885, cando a morte de Rosalía (Axeitos e Barreiro Fernández, 2005: 487):

Querido Murguía: he dejado pasar los primeros días de aflicción para decirle simplemente que mi pena le acompaña, porque sé, de propia experiencia, cuán intempestivas son las palabras de consuelo en los grandes dolores de la vida.

Si momentáneamente quiere U. luego apartarse la vista de recuerdos que le desasosiegen, véngase a pasarse aquí algunos días con su buen amigo. E. Chao.

ALEJANDRO CHAO, O IMPRESOR EN CUBA¹⁵

Alejandro Chao naceu en Vigo o 10 de febreiro de 1835. Aquí recibiu a súa primeira educación, nun casal marcado polo liberalismo radical e por un círculo social, propagador de pensamentos insurrectos, moi activo naqueles primeiros pasos da súa vida.

En 1851 marchou canda o seu irmán Eduardo a Madrid, onde estudará e vivirá con Manuel Murguía, tal e como nos confesa nun libríño familiar ao que tivemos acceso: *Recuerdos de familia. Para su madre y hermanos hizo este libro su hijo y hermano Alejandro* (1901)¹⁶. Alejandro compartiu con Murguía a vida bohemia da capital española, frecuentou o Café El Levante e participou nalgúns dos círculos socioculturais nos cales Eduardo Chao tiña un papel preponderante.

Sobre aquela vida comenta Barreiro Fernández (2012: 122):

Alejandro Chao, mentres viviu en Madrid, é dicir, ata 1855, en que veu a Vigo para fundar *La Oliva*, foi o amigo inseparable [de Murguía], xunto co pintor Federico Ruiz. A través de Chao [Murguía] conectou con Serafín e Teodomiro Avendaño e xuntos for-

15. Para máis información, *vid.* Martínez González, X. (en imprenta): “El editor gallego Alejandro Chao y *La Propaganda Literaria* de La Habana”, *LL Boletín del Instituto de Literatura y Lingüística*. Academia de Ciencias de Cuba: La Habana.

16. Agradecemos a María del Carmen Cornejo-Molins González a súa cesión e consulta, así como outros datos da familia que nos achegou. Tamén a Margarita Guillán Cornejo-Molins pola súa mediación e interese.

maron o ‘comité borrasca’, asociación así cualificada para acreditar a esmorga e a troula que ocupaba boa parte da súa vida.

O período matritense de Alejandro Chao rematou en 1855 (seguramente contra o verán) cando decide quedar en Vigo para poñerse mans á obra co gran proxecto dos Chao na cidade: a fundación dun periódico democrata que terá por título *La Oliva*. Neste xornal Alejandro ocupará o posto de redactor xefe, como fará despois en *El Miño* tras a clausura do anterior por orde gobernativa.

A estreita amizade de Murguía con Alejandro evidénciase co nacemento da súa primeira filla que, como dixemos, levou o nome do seu padriño: Alejandra (1859-1937).

Pola contra, xa Alejandro estaba na illa de Cuba dende 1857, un ano antes de nacer a súa afillada, logo dunha discusión familiar que fixo fisura (segundo confesa no seu libro de memoria familiar). Por outra parte, a súa marcha a América tamén se ten vencellado a posibles represalias ante o acoso que sufría *El Miño* mediante censura, multas e incluso o ingreso en prisión por un tempo do seu director, Juan Compañel.

Mais queremos aproveitar para reproducir aquí unhas letras de dedicatória que Alejandro Chao escribiu ao seu irmán Eduardo (asinadas o 23 de decembro de 1872), co gallo da publicación da *Vida de Lord Byron* (1873), de Emilio Castelar, pola mostra da especial e viva relación que tiveron ambos irmáns así como polos datos persoais que ofrece con respecto á súa marcha en 1857 e a dedicación ao oficio tipográfico:

Hace quince años, mi querido Eduardo, que iluminándome con la luz de tu inteligencia, edificándome con el ejemplo de tus domésticas virtudes, y estimulándome con tu infatigable perseverancia, me trazabas el camino de la felicidad, que solo se logra por el trabajo y se resuelve en el reposo de una conciencia tranquila.

Mas bien que hermano, has sido para mi un buen padre: mejor aun que padre, un discreto maestro fomentando mi afición al arte de la tipografía. A tu dirección y consejo, debo mi subsistencia, la consideración que á las gentes honradas merezco, y como recompensa de mis afanes, los goces inefables de la familia. No puedo redimir la deuda de gratitud que contigo he contraído, pero procuro hacerme digno de tu estimación, consagrando todos mis desvelos al progreso de las letras en la Isla de Cuba, por

el arte sublime, destinado en la edad moderna á servir de locomotora al pensamiento.

En este sentido, y como muestra de cariño, te dedico la edición de este libro, uno de los más brillantes que ha producido la pluma admirable de tu amigo Castelar.

Recíbela, si no como fruto de mi pobre ingenio, como prueba de los nobles esfuerzos de La Propaganda Literaria, que quiere hoy consagrarte la memoria de tu amante hermano.

Unhas palabras sentidas que amosan a devoción irmandiña do pequeno dos Chao. Á súa vez, tamén admite que a marcha a Cuba (“hace quince años”, é dicir en 1857) está marcada por un consello de Eduardo e que a opción impresora tamén foi inducida ou animada por este.

En Cuba Alejandro Chao dedicárase a diversos oficios (colaborador da prensa española na colonia, director de xornais, axente de seguros...) antes de constituír o ambicioso proxecto de La Propaganda Literaria.

Abriuño entre 1864 e 1865. Un tarefa a que dedicará os seus esforzos nos vindeiros anos. Tamén coincide que o 5 de abril de 1865 casa con Josefa Sedano, a filla de Francisco Sedano (tenente gobernador de Puerto Príncipe) e patriarca dunha potente familia en Cuba.

Malia todo, Alejandro Chao manterá a amizade co casal Castro-Murguía. Desta maneira, en 1880 La Propaganda Literaria encárgase da publicación do segundo poemario en galego de Rosalía, *Follas novas*, con prólogo do ex-presidente republicano e amigo persoal de Eduardo Chao, Emilio Castelar¹⁷. Ademais este republicano publicou precisamente na imprenta de Alejandro Chao: *Semblanzas contemporáneas* (1871), *Vida de Lord Byron* (1873) e *Un viaje á Paris durante el establecimiento de la República* (1880).

Atendamos a dous feitos: por un lado, a edición por parte de Alejandro Chao do libro máis persoal de Rosalía; polo outro, que o prólogo de Emilio Castelar débese (coidamos) á mediación de Eduardo Chao. O propio ex-presidente republicano reconece nun discurso dado en 1885 en Ourense: “Yo nada hice personalmente por Galicia jamás. Un amigo me rogó que pusiera cuatro palabras al frente de composiciones poéticas, tan tiernas como las composiciones poéticas de Rosalía de Castro, en las cuales bebí el alma de Galicia y el secreto de su genio” (1885: 7).

17. Sorprende que haxa edicións deste libro rosaliano que non inclúan o prólogo de Emilio Castelar que engade dous contidos: o propio do expresado no texto e o simbólico de quen o asinaba pois Castelar foi un dos meirandes tribunos populares do XIX español, respectado intelectual en toda Europa e un líder do republicanismo.

Por outra parte, Alejandro Chao fundou en 1878 o xornal *La Ilustración Gallega y Asturiana*¹⁸ e puxo como director do mesmo a Manuel Murguía, o cal supoñía unha necesitada fonte de ingresos para o matrimonio. O xornal tiña como modelos os exitosos *El Museo Universal* (1857-1869)¹⁹ e *La Ilustración Española y Americana* (1869-1921).

Outra figura destacada do Rexurdimento que contou coa axuda de Alejandro Chao, foi Manuel Curros Enríquez, coñecido republicano admirador de Eduardo Chao. O primeiro libro do poeta ourensán, *Aires da miña terra* (1880) e impreso por Antonio Otero en Ourense, foi excomulgado polo ton anticlerical e herético de poemas como “Mirando ao chau”. Como é sabido, Curros é condenado polo xulgado de Ourense por delito contra o libre exercicio de culto. Ademais secuestrouse o libro en mans do editor e mandouse destruír os moldes de copia. Finalmente, Curros foi absolto pola Audiencia da Coruña.

Interésanos, pola contra, destacar que Curros pasa a estar na lingua popular, tanto de detractores reaccionarios como de seareiros democráticos. O libro acadou unha importante sona, distribución e venda. Mais a segunda edición (1881) xa a fixo La Propaganda Literaria de Alejandro Chao, que contou coa engádegas de seis novos poemas currosianos, o que amosa o compromiso do editor coa liberdade e as ideas democráticas así como o arroupe a Curros Enríquez nun intre difícil.

La Propaganda Literaria foi tamén un lugar de distribución dos libros de Murguía e Rosalía de Castro, como lle comenta por carta a propia poeta a Waldo Álvarez Ínsua a propósito de *En las orillas del Sar* (1884), ou os exemplares do terceiro tomo da *Historia de Galicia* de Manuel Murguía.

JUAN COMPANEL, O IMPRESOR REXURDIMENTISTA²⁰

Juan Compañel naceu no seo dunha familia de impresores. O seu pai, Francisco Luís Compañel, abriu a imprenta en Compostela contra 1826 pero

18. O xornal tivo tres nomes distintos consecutivos: *La Ilustración de Galicia y Asturias* (15 de xuño a 15 de setembro de 1878), *La Ilustración Gallega y Asturiana* (10 de xaneiro de 1879 a 28 de decembro de 1881) e *La Ilustración Cantábrica* (8 de xaneiro a 28 de agosto de 1882).

19. Editado por Gaspar Maristany e Fernando Roig, editores cos cales colaboraría activamente Eduardo Chao.

20. Para máis información, *vid.* Martínez González, X. (2012): “Juan Compañel Rivas (1829-1897). Alén do editor do Rexurdimento”, *Grial*, núm. 195, pp. 106-117. Editorial Galaxia: Vigo; e Martínez González, X. (2014): “Juan Compañel Rivas. Un editor con conciencia de Galiza”, en R. Álvarez, A. Angueira, M. C. Rábade e D. Vilavedra (coords.) *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*. Consello da Cultura Galega: Compostela, pp. 435-448.

o seu prematuro pasamento (1832) obrigou á viúva, Jacoba Rivas, a asumir o negocio baixo o nome de *Imprenta de Viuda e Hijos de Compañel*.

A actividade impresora foi intensa e destacou, sobre todo, no período de efervescencia da Xeración de 1846 cando imprime a prensa provincialista, como *El Idólatra de Galicia*, *El Porvenir* ou o mesmísimo portavoz da xunta revolucionaria de 1846, *La Revolución*.

Juan Compañel formouse á calor das ideas progresistas e provincialistas. Moi seguramente xa coñecera en Compostela, ou sabía deles, os Chao. O feito é que Compañel chega a Madrid en 1850-51 cando alí tamén están Eduardo e Alejandro Chao. Axiña entran en contacto.

José Antonio Durán sostén que Eduardo Chao foi o responsable de introducir a Compañel na grande editora de entón: “los dos [Compañel e Alejandro Chao] se estaban formando *a la última* en el mundo de la impresión, la edición y el comercio en Gaspar y Roig” (2000: 72).

En 1855 e en Madrid xa aparece “Imprenta á cargo de J. Compañel”. Alí imprime algúns discursos da Universidade Central e xornais democráticos (republicanos de esquerda) como *La Razón* e o considerado primeiro xornal obreirista, *El Eco de la Clase Obrera*. Mírese as posicións políticas en que se movía Compañel que son exactamente as mesmas de Eduardo Chao. A sintonía é clara.

Pouco despois, no Nadal de 1855-56, Juan Compañel chega a Vigo proposto polos Chao para abrir unha imprenta na rúa Real, asumir a impresión do *Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra* e a saída do xornal *La Oliva*, que rivalizará de inmediato con *Faro de Vigo*.

Juan Compañel non foi a primeira opción do grupo progresista vigués, como Alejandro Chao lle conta por carta (Axeitos e Barreiro Fernández, 2005: 25). Pero foi grazas a esta estirpe que convenceron ao entón dono da imprenta, José Ramón Fernández Domínguez (alcumado Carballo), que á sazón era xenro de José María Chao e cuñado de Alejandro e Eduardo. Era *La Oliva* un evidente proxecto familiar xurdido dende o corazón do progresismo e republicanismo vigués, adepto ás ideas provincialistas, como explicaremos logo.

Compañel axiña se encargou da impresión, edición e dirección do xornal. Incluso cando *La Oliva* é clausurada polo Goberno, continúa ostentando idénticos cargos co periódico sucesor, *El Miño*. Tivo tempo para participar na Milicia Nacional, na vida sociocultural viguesa (no Recreo Artístico e Industrial de Vigo), no círculo político progresista e republicano, na fundación do Banco de Vigo e da papeleira La Cristina (ambos en 1863) e até ser vítima da represión conservadora.

Mantivo unha estreita relación con José María Chao (de feito foi unha das testemuñas do testamento do boticario)²¹ e con José Ramón Fernández (avogado e xuíz, casado con Concepción Chao), quen lle vendeu a imprenta e foi un soporte económico e legal nos períodos tumultuosos da Década Moderada.

A relación cos Chao, con todo, afianzouse aínda máis cando en 1863 casa con Emilia Chao, a filla máis nova de José María Chao e Francisca Fernández. Tiveron catro fillos: dous varóns (Francisco e Juan) que desenvolveron a súa vida en Cuba; e dúas mulleres (María e Emilia).

Finalmente, Compañel deixou Vigo, e con el a dirección do xornal e a propiedade da imprenta, cando aceptou o cargo de delegado do Ministerio de Fomento na provincia de Ourense en 1873, ano da República²². E convén lembrar que o ministro republicano de Fomento foi Eduardo Chao.

Pouco despois, tras a restauración monárquica, Juan Compañel marchou a Cuba, onde compartiu negocio de imprenta con Alejandro Chao na Habana. Logo pasaría a outras localidades cubanas (Cienfuegos, Colón, Cárdenas) nas cales fundou e dirixiu xornais de tendencia unionista cando os *mambises* loitaban pola independencia da illa. Morreu como secretario da vila de La Catalina en 1897.

Juan Compañel foi un dos impresores máis notable do Rexurdimento. Como se sabe, imprimiu en 1863 *Cantares gallegos*, de Rosalía. Mais cómpre lembrar que tamén imprimiu a primeira novela rosaliana *La hija del mar* (1859), o manifesto feminista *Lieders* (1858, incluído en *El Álbum de El Miño*) e o poemario dedicado á súa defunta nai, *A mi madre* (1863).

Por outra banda, está a edición de importantes obras de Manuel Murguía, como o *Diccionario de escritores gallegos* (1858), *La primera luz* (1859)²³ ou *Antología gallega. Colección de escritos escogidos en prosa y en verso de los mejores autores gallegos* (1862).

21. Tamén publicou un artigo necrolóxico en *El Miño*, núm. 161 (3-XI-1858).

22. A imprenta vendeulla a Miguel Fernández Dios, quen continuará coa liña editorial de *La Oliva – El Miño* baixo a nova cabeceira de *La Concordia*, que entrará na historia da prensa do país por ser o primeiro diario galego. Lembremos que *La Concordia* acabará fusionándose con *El Pueblo Gallego*, o máis importante dos xornais republicanos de Galiza antes da guerra. Con isto queremos afirmar, unha vez máis, que a tradición da prensa progresista, republicana e nacionalista comezou en 1856 e rematou en 1936 ante os disparos dos máuseres feixistas.

23. Esta obra foi libro de texto para as primeiras letras segundo a Real orde do 26 de abril de 1860 (*Gazeta de Madrid*, 28 de abril de 1860). A segunda edición saíu en 1868 de man de Soto Freire en Lugo, logo de que Compañel lle vendese os dereitos. O libro é certamente interesante pois determina que o pobo galego é o protagonista da historia de Galiza, trazando unha división clara coa historiografía española nunha interpretación que Murguía viña traballando e explicará polo miúdo no primeiro tomo da *Historia de Galicia* (1865) onde define con precisión e fundamentos propios da súa época que Galiza é unha nación.

Eduardo Pondal publicou os seus primeiros poemas (escritos en castelán) en *La Oliva*. Foi, canda Aurelio Aguirre, un dos autores máis frecuentes do periódico vigués. Ademais disto, e non é un dato moi coñecido, Pondal estivo a piques de publicar o seu primeiro poemario con Compañel, seguramente un libro bilingüe pois xa entón usaba o galego (co tempo acabaría sendo autor monolingüe na lingua de Galiza) como di o propio poeta en carta, do 9 de maio de 1864, a Manuel Murguía: “Por lo demás, veremos si Compañel publica en todo este verano el volumen de mis poesías” (Ferreiro, 1991: 88).

Para outra ocasión cumpriría reparar no papel de Compañel como xornalista e autor de numerosos editoriais nos cales se definen algunhas das liñas de actuación do Rexurdimento (e por tanto, textos que maduran e sistematizan o pensamento provincialista) e se abren debates sobre as necesidades, retos e propostas que precisaba o pobo galego. Incluso o debate sobre o beneficio ou desvantaxe das mareas migratorias que Galiza padeceu naquela altura e aínda hoxe padece.

LA OLIVA – EL MIÑO

Nos anteriores parágrafos comentamos que os Chao fundaron en Vigo un xornal (*La Oliva*, 1856-1857) co propósito de ser unha verdadeira ferramenta de axitación e propagación das súas ideas políticas. O periódico tiña unha liña progresista e provincialista que rivalizou na esfera pública cos xornais conservadores (sobre todo con *Faro de Vigo*). Este debate na esfera pública era un claro síntoma da modernidade.

Noutros ocasións (Martínez González, 2015) defendemos que a estirpe Chao e o círculo sociopolítico progresista de Vigo realizaron unha planificación á hora de intervir no espazo público. Por iso, nun contexto favorable (Bienio Liberal, con Espartero como presidente), nunhas condicións económicas óptimas (a concesión da impresión do *Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra*) e nunha cidade con importante rede progresista e burguesía liberal (que garante soporte económico por medio dos anuncios e da subscrición), acontecen tres accións coexistentes co obxectivo inmediato de contrarrestar ou confrontar cos sectores moderados da cidade, que viñan exercendo o poder en anos anteriores.

Reparemos no dito a partir deste esquema:

1. Ángel de Lema (impresor e concelleiro moderado) abriu a imprenta contra 1848. Juan Compañel (impresor progresista) no último trimestre de 1855.

2. *Faro de Vigo* saíu á rúa en 1853. *La Oliva – El Miño* comezou a andaina en xaneiro-febreiro de 1856.

3. O *Círculo Recreativo de Vigo* fundouse en 1847, onde coincidirán moderados e progresistas durante un tempo até que o sector progresista promove a fundación do Recreo Artístico e Industrial de Vigo en 1856.

4. Ademais, dende había anos mantíñanse os parladoiros privados. No caso do sector moderado un dos lugares foi a casa do Marqués de Valladares (edificio hoxe en proxecto de recuperación, na esquina entre rúa Laxe e Oliva), e no caso progresista un dos espazos máis concorridos foi a botica de José María Chao.

Coidamos que, á vista destes datos, resulta obvio que o círculo republicano e progresista de Vigo imaxinou e logo aplicou unha forma de intervención na esfera pública a partir da vitoria de Espartero e do inicio do Bienio Liberal (1854-56). Cumpría crear un discurso propio nun tempo en que a opinión pública se formaba nos cafés, nos círculos recreativos e na lectura (en voz baixa e en voz alta) da prensa.

Con certeza, esa opinión pública que difunde o círculo dos Chao é coñecida e en moitos casos compartida por varios dos protagonistas do Rexurdimento. Algúns nomes xa saíron (Rosalía, Murguía, Pondal) pero hai outros moitos máis: Aurelio Aguirre, José López de la Vega, Domingo Ubiña, Benito Vicetto, os irmáns Puente y Brañas e os Rodríguez Seoane... Cada un destes colaborou, con maior ou menor frecuencia, nas páxinas de *La Oliva* e logo d' *El Miño*.

O mellor exemplo desta contribución colectiva a un xornal de clara tendencia política e ideolóxica é a publicación d' *El Álbum de El Miño* (1858)²⁴. Basta revisar a nómina dos colaboradores para decatarse que está o máis florido do Rexurdimento. Que desexen aparecer neste *cancioneiro moderno* supón, en certa medida, unha concordancia ou proximidade á liña editorial.

Finalmente, o número de exemplares que se publicaban por cada número, a extensa rede de distribución, a importante achega económica vía subscrición (usando como engado o folletín literario ou o apartado de

24. Para máis información sobre a importancia e impacto d' *El Álbum de El Miño*, *vid.* Cebreiro, M. do (2004): *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña*. Universidade de Santiago de Compostela: Compostela.

anuncios), o eco conseguido na prensa da Corte ou as cifras por gasto de franqueo son mostras de que o xornal acadou un enorme éxito e estabilidade, tanto nos seus primeiros meses como nos longos anos de poder moderado que foron hostís cos progresistas, republicanos e provincialistas. Esta perdurabilidade favoreceu a que se convertese no periódico referencial do Rexurdimento.

La Oliva fixou unha nítida posición que nós situamos no progresismo puro; é dicir, a tendencia partidaria da unión entre os sectores máis democráticos do Partido Progresista e os republicanos moderados do Partido Demócrata. O caso local exprésase no empuxe a prol da unidade de acción entre José Ramón Fernández (líder dos progresistas locais) e os Chao (estirpe republicana) que participan no citado periódico.

Por outra parte, nas páxinas de *La Oliva* atopamos editoriais que analizan a vida política do Bienio Liberal. Son escritos coincidentes, en gran parte, cos postulados demócratas e que salvagardan a figura do presidente, Espartero. Algúns temas: defensa do librecambismo, apoio á Milicia Nacional, denuncia das infiltracións reaccionarias, polémicas coa prensa moderada, publicidade de libros de autores demócratas (Fernando Garrido, Emilio Castelar ou Pi i Margall), campaña a prol dos poetas protagonistas do Banquete de Conxo (Aurelio Aguirre e Eduardo Pondal) ante as denuncias eclesiásticas, modelo administrativo descentralizado...

Polo que atinxe ao aspecto provincialista, o subtítulo que recolle *La Oliva* (“Periódico de Galicia”) e o subtítulo que tomará *El Miño* (“Todo por Galicia – Todo para Galicia”) denotan as aspiracións do periódico: converterse no xornal xeral para todo o país e antepoñer os intereses galegos a calquera outro. Esa foi a quilla que guiou o proxecto, a mesma do Rexurdimento. Os artigos escritos por Manuel Murguía en *La Oliva* (moi decisivos na configuración do imaxinario nacional colectivo e na concepción nacional de Galiza) son un mostrario do argumentario emerxente dos rexurdimentistas, xa en claves identitarias e nacionalistas.

Un feito que amosa ese proceso de cambio no discurso é o tratamento dos Mártires de Carral. Por un lado reivíndícanse como mártires de Galiza (fronte á opinión de Vicetto que, ao non seren de orixe galega, rexeitábaos como mortos pola causa galega) e pola outra asumen que son parte do martirioloxio progresista español. Coidamos que, dentro do aparente paradoxo, o que existe é un proceso de cambio no cal os rexurdimentistas asumen unha historia propia (co pobo galego de protagonista) e que esa historia a teñen que escribir eles, tamén dende a responsabilidade do momento histórico que vivían (os movementos nacionalistas en Europa, a

Renaixença en Cataluña, a propagación de ideas republicanas e federalistas...). Polo tanto, a militancia política dos Murguía, Pondal ou Aguirre, no espazo do progresismo puro enténdese, no que atinxe á cuestión nacional, porque había un modelo programático descentralizado e federal para o conxunto dos pobos do estado. Desta maneira, a ruptura entre o provincialismo e o federalismo producírase tras o fracaso da primeira República (1873). Entón comezará, devagar, unha nova fase marcada pola división do republicanismo e pola aparición do nacionalismo organizado en partidos propios baixo a forma de “partidos rexionalistas”²⁵.

Outro apartado que amosa esta centralidade da cuestión galega é a presentación de “La Biblioteca de La Oliva”, que dirixe Manuel Murguía. O seu texto de presentación marca, novamente, as liñas mestras do Rexurdimento: autores galegos, temática galega, idioma galego... E todo isto combínase coa publicación de autores novos e a reedición de textos antigos. É dicir, un intento de trazar un relato e galvanizalo dende o presente de xeito que explique as reivindicacións rexurdimentistas como unha continuidade de pensamento (cando menos dende a Ilustración, con Sarmiento como figura basilar).

Por último cómpre destacar os artigos de Murguía publicados en *La Oliva* dedicados á historia e á literatura galega. Estes textos, presentados en forma de breves tratados e publicados en varios números, desenvolven os conceptos fundacionais do repertorio do Rexurdimento pleno e enumera os elementos constitutivos do imaxinario nacional colectivo²⁶.

Para o final quixemos deixar os nomes das persoas que constitúen internamente *La Oliva* pois revela que a estirpe Chao domina todo. Eduardo Chao foi o director *in pectore* e instigador da fundación; Alejandro Chao foi o redactor xefe; José Ramón Fernández (casado con Concepción Chao) foi o primeiro director e o primeiro dono da imprenta; Juan Compañel (casado con Emilia Chao) foi o segundo director, impresor e posterior dono da imprenta; e Manuel Murguía foi o director do apartado literario.

25. Lembremos o sucedido en Cataluña entre os federais de Pi i Margall e os rexionalistas de Almirall. No caso galego, o republicanismo federal mantivo centros e comités por toda Galiza sen renunciar as teses descentralizadoras (recordemos o *Proyecto de constitución para el futuro estado gallego*, aprobado en 1883, co poeta Manuel Leiras Pulpeiro entre os seus asinantes), mentres o rexionalismo tivo unha escasa forza no eido político aínda que si tivese forza no eido cultural e intelectual.

26. Sobre eles xa publicamos un traballo que se detén polo miúdo na análise dos contidos. Vid. Martínez González, X. (2017): “Do xenio nacional ó criterio filolóxico: algúns apuntamentos sobre a literatura galega no Rexurdimento”, *Follas Novas. Revista de Estudos Rosalianos*. Fundación Rosalía de Castro: Padrón.

Velaquí a nosa colaboración para demostrar o contributo da estirpe Chao ao Rexurdimento. Pero tamén para demostrar que Vigo posúe unha intensa, viva e sólida tradición intelectual, en formato progresista e provincialista. Por iso precisamos dotármonos dun relato cultural que acompoñe, á beira e ao mesmo nivel, ao relato de urbe traballadora e cosmopolita.

BIBLIOGRAFIA

- Alonso Gregorio-Espino, G. (1984): *Notas genealógicas viguesas*. Mar-Car: Madrid.
- Axeitos, X. L. e Barreiro Fernández, X. R. (2005): *Cartas a Murguía (I e II)*. Fundación Pedro Barrié de la Maza: A Coruña.
- Barreiro Fernández, X. R. (1982): *Liberales y absolutistas en Galicia (1808-1833)*. Edicións Xerais: Vigo.
- _____ (2012): *Murguía*. Editorial Galaxia: Vigo.
- Castelar, E. (1885): *Discurso pronunciado por D. Emilio Castelar*. Imprenta de Antonio Otero: Ourense.
- Díaz Lage, S. (2014): “Vivir, escribir, publicar. Rosalía de Castro no sistema editorial do seu tempo”, en R. Álvarez, A. Angueira, M. C. Rábade e D. Vilavedra (coords.) *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*. Consello da Cultura Galega: Compostela, pp. 449-468.
- Durán, J. A. (2000): *Murguía, 1833-1923*. Taller de Ediciones: Madrid.
- Ferreiro, M. (1991): *Pondal: do dandysmo á loucura*. Laivento: Noia.
- González Besada, A. (1916): *Rosalía de Castro. Notas biográficas*. Biblioteca Hispania: Madrid.
- Martínez González, X. (2013): “O Rexurdimento dende Vigo”, en L. Cochón, L. Alonso Girgado e L. Domínguez Mallo (eds.) *Rosalía na cobi-za do lonxe*. Cadernos Ramón Piñeiro. Xunta de Galicia: Compostela, pp. 87-102.
- _____ (2015): *La Oliva. Un xornal progresista e galeguista de Vigo*. Tese de doutoramento presentada na Universidade de Vigo (inérita).
- _____ (2015): “*La Oliva*. A ponte entre dúas xeracións”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, núm. 18. Universidad Complutense de Madrid: Madrid, pp. 469-479.
- _____ (2016): “*La Oliva* (1856-57). Conclusións tralo estudo dun xornal do Rexurdimento”, *Boletín Galego de Literatura*, núm. 48. [en liña].
- Naya, Juan (1998): *Estudios acerca de la familia Murguía-Castro*. Deputación Provincial da Coruña: A Coruña.

INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES

*Membro da “Confederación Española de Centros de Estudios Locales”
(Consejo Superior de Investigaciones Científicas)*

GLAUCOPIS



VIGO

Año XXIII - Número 23 - 2018